



## X – AVALIACIÓN:

### Avaliando o proxecto: ó alumnado, ó profesorado, autoavaliación...

Deberemos plantexarnos dar resposta, á hora de planificar a avaliación do noso proxecto, a estas catro preguntas:

1. *Que imos avaliar?*
2. *A quen imos avaliar?*
3. *Cando imos avaliar?*
4. *Como imos avaliar?*

### 1.- Que imos avaliar?

Deberemos ter presente durante a planificación do noso proxecto nas U.D.I. a quen avaliaremos durante todo o proceso de posta en práctica do noso proxecto de traballo:

- *A estrutura que plantexamos para o noso proxecto:*
  - As tarefas, actividades e exercicios que plantexei foron os axeitados para os obxectivos?
  - A temporalización e a organización de espazos foi a axeitada?
  - A organización dos equipos foi a axeitada?
  - Mantívose a motivación do alumnado?
  - Que cambios serían necesarios.?
  - O proxecto está ben encadrado no de centro? se o hai.
  - O produto final é socialmente relevante?
- *O resultado final do proxecto:*
  - Conseguimos dar resposta a tódalas preguntas?
  - Acadamos o produto final que nos plantexamos?
  - O produto final é socialmente relevante?

### 2.- A quen imos avaliar?

Deberemos levar a cabo un proceso de avaliación, dos seguintes axentes implicados na posta en práctica do noso proxecto de traballo e investigación, que deberá estar contemplado na U.D.I. do noso proxecto:

- *Ó alumnado:*
  - O nivel de consecución dos obxectivos plantexados
  - -Adquiriu as os contidos+habilidades+destrezas e o seu desempeño? -> competencias básicas
  - O seu traballo dentro dos equipo
  - O seu traballo autónomo
  - O seu nivel de implicación no proxecto
  - A súa iniciativa na proposta e toma de decisións...
  - As súas habilidades comunicativas.
  - O seu coñecemento do método científico?





- Todos os aspectos contemplados no currículo que indicamos na nosa U.D.I.
- *A nosa práctica docente:*
  - Avaliaremos que aspectos fixemos ben ou mal na planificación do proxecto, nas decisións tomadas, no tipo de agrupamento decidido.
  - Avaliaremos si diriximos demasiado ou moi pouco o traballo do alumnado no proxecto.
  - Avaliaremos se puxemos o foco no proceso ou só no produto final, tendendo a unha ponderación do peso de cada unha das fases do proxecto.

### 3.- Cando imos avaliar?

A determinación dos momentos en que imos avaliar deberá ter tida en conta durante a planificación do proxecto na nosa U.D.I., e responderá ós obxectivos que nos plantexemos:

- *Avaliación inicial:* O comezo do proxecto
  - Avaliamos cales son os coñecementos previos
  - O punto de partida nas diferentes CC.BB
  - O punto de partida no traballo en equipo
  - etc.
- *Avaliación continua:* Ó longo do proxecto:
  - Como está a funcionar, que cambios hai que introducir
  - A evolución na adquisición das CCBB e obxectivos plantexados
  - O funcionamento dos equipos de traballo
  - etc.
- *Avaliación final:* Ó remate do proxecto:
  - Resultado final da investigación
  - Grao consecución de obxectivos e CC.BB.
  - Nivel de funcionamento dos equipos
  - etc.

### 4.- Como imos avaliar?

Plantexamos tamén na nosa U.D.I. os instrumentos e dinámicas que imos empregar para levar a cabo a avaliación do noso proxecto, neste senso deberemos ter claros os seguintes aspectos:

- Que instrumentos imos empregar para avaliar cada aspecto plantexado na nosa U.D.I.
- Cando imos aplicar eses instrumentos (avaliación inicial, continua, final)
- Como imos a contemplar a auto-avaliación do alumnado.
- Como o introduzo na U.D.I.
- Para que avalíe cada aspecto

Podemos empregar diferentes instrumentos de avaliación para o noso proxecto, e todos eles deberán estar contemplados na nosa U.D.I., pero en todo caso, para cada unha das tarefas, actividades e exercicios que plantexemos, deberán estar claras as relacións curriculares entre elas e os indicadores e criterios de avaliación a aplicar en cada caso.

Un dos instrumentos máis útiles para levar a **cabo este proceso de avaliación son as**



**rúbricas** que contemplan os diferentes indicadores de avaliación marcados nas relacións curriculares da nosa U.D.I.

Entre os instrumentos de avaliación que podemos empregar nos diferentes tipos de avaliación que plantexamos atopamos:

- Diálogos
- Observación sistemática
- Anecdótico
- Grabación en vídeo.
- Rúbricas
- Mural da investigación
- Dossier da investigación
- Paneis de autoavaliación figuronalóxica
- Cadernos de roles nos equipo cooperativos e cadernos tipo para autoavaliación
- Exposición orais cara a o público do aprendido
- Exames: Dependendo de como? De que tipo? Que peso lle damos na avaliación do noso proxecto?.

Será **moi importante cotemplar tamén a autoavaliación do alumnado**, para que este se faga consciente do seu proceso de aprendizaxe. Por outra banda consideramos que o alumnado deberá ser coñecedor dos aspectos nos que vai a ser avaliado.

En canto á autoavaliación plantexamos o seguinte:

- O alumnado autoavaliará o funcionamento do seu equipo cooperativo mediante:
  - a autoavaliación da responsabilidade de cada un dos integrantes dos equipos cooperativo, en canto ás funcións asignadas e o desempeño das mesmas.
  - empregaremos o caderno de encargado ou cadernos tipo nos equipos cooperativos.
- Para autoavaliación do “aprendido no proxecto”:
  - Podemos empregar o propio mural unha vez rematada a investigación voltando ós coñecementos previos.
  - Podemos empregar diferentes actividades plantexadas ó longo do proxecto
  - Podemos empregar a participación do alumnado no produto final socialmente relevante.

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)



# PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014